

segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edicións do Castro / ensaio

3. A LINGUA E A CULTURA.

Tense repetido moitas veces a anécdota de cando Martelo Paumán, o Marqués de Almeiras, convencéu ao neno Daniel Castelao do valor da nosa fala: «Mira, rapaz, que o galego non é un castelán mal falado».

¶ Dende os tempos de Sarmiento, egrexios escritores e namorados da súa Terra están querendo facer comprender ás xentes que a lingua é a testemuña da nosa personalidade, que «Galicia é a fala», que a súa merma ou desprestixio é o de todos nós e que a súa beleza, a cultura do seu cultivo, os froitos vizosos das súas letras son a meirande honra do noso pobo. Moitas sementes teñen caído en coñal e non en terra fatureira. Namentras outras comunidades humanas teñen a lingua propia como escudo, son aínda moitos os que eiquí a teñen como un aldraxe. Asombra a teimosía con que se teñen oposto a ela non somentes na vida oficial, nas institucións, no púlpito ou na escola, senón nunha pretendida erudición: «dialecto» despreziable, «sin unidad», «grosero», «inepto» pra a espresión das outas ideas... Cántas veces os vellos temos soportado a «risa borriqueña» dos que acollían con bulra as nosas verbas galegas.

Todo ven cicáis dunha estreitez do campo de conciencia que coida a diaglosia como unha probeza e non como un enriquecemento intelectual, que é incapaz de ter como compatibres o español e o galego. A cerrazón é a mesma que ditaría a «normalización» contraria excruinte do castelán ou ¡forzadora da adopción do portugués!

Referíame eu á laboría de convencimento. Terá que seguir, aprobado o Estatuo. Virán por elo leises

que favorezan á lingua e á cultura. Mais ninguén pode creer no poder taumatúrxico delas nin pretender impor o que require, por diante ufanía e amor. Benia aos que, onte e hoxe, e no mañán autonómico, seipan espertar este «entendimento» da cultura galega.

«El Correo Gallego». 19-XII-1980